


A ROSA TERRA

IDEARIUM
DAS

IRMANDADES
DA FALA



Ano XIV

Núm. 276

1.º de Outubro do 1930

CAMILO DIAS

RG 106/1

Grandes Almacenes de Tecidos
NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIONS

DISPONIBLE

INMENSO SURTIDOS EN PANOS DA REXIÓ E EXTRANXEIROS CONFECCIONANSE
TODA CRÁS DE PRENDAS PARA MULLE-
RES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256
A CRUÑA

A superioridade dos
CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, máis o
procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXION
obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica Avenida da Granxa - A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15- CORUÑA-REAL, 110-FERROL, Principe 9-VIGO

Peluquería "La Modernista"
PROPIETARIO

Manuel Acea Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía de Castro, e Linares rivas, da escola
-: Dramática Galega, e de todol-os cadros de decramación da Cruña -:
Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compretas caracterizacións
:-: para teatro :-:

PARA TODA CRÁS DE TRABALLOS DE PELUQUERÍA DIRIXIRSE A

San Andrés 94 - 1.º

A CRUÑA

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36, -1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XIV



1.º de Outubro do 1930



Núm. 276

AO DECORREL-O DIAS

A esperanza que no derradeiro número expresábase de que Galicia manifestárase axeitadamente diante da visita provocadora dos elementos da Dictadura, hoxe U. M. N., non caeu no valeiro. A nosa satisfacción é grande. Galicia comportouse como corresponde a un pobo digno e conscente dos seus deberes. O nome da nosa terra adequiriu autualidade honrosa e admiración en toda Hespaña.

Non podía ser d'outro xeito. Nós que temos prena confianza na sensibilidade cidadán da nosa terra e sabemos que no íntimo da súa conciencia acocha amplo caudal de civismo sabíamos que tería de facel-os xurdir na primeira ocasión.

Con éste xesto Galicia enceta unha aitude que terá de facer prosélitos no chán hispánico.

De por sí, a demostración feita por todol-os pobos galegos que recibiron a desagradable visita dos dictadores maniféstanos as arelas renovadoras que latexan na terra galega. Os seis anos de Dictadura cō seu epílogo que aínda non rematou siñifican para Galicia unha total renovación política que comenza a dar resultados benfeitores. A Galicia actual non é xa a Galicia tradicional mansa e fácil para unha política que tan funestos resultados produxo... A Galicia de hoxe comenza a desprenderse airadamente da súa capa de mansedume e ponse de pé barilmente disposta a camiñar por uns vieiros de rebeldía, de renova-

ción, que xa preocupa aos poderes e aos políticos que ate agora viñeron usurpando a dirección e gobernación política do noso país. Esa preocupación que se manifesta nas outuras é un síntoma do que debemos sentirnos orgullosos. Xa non se pode tratar a Galicia cós mesmos procedimentos arbitrarios e indecorosos usuales. Galicia conqueriu sonda de rexión rebelde e éste sô feito demostra que temos o camiño medio andado.

Nós non podemos deixar de expresar a nosa íntima e inmensa ledicia. Postos en pé e xa dispostos â loita temos de continual-a. Temos de dar unha rexa batida ao vello caciquismo para que a obra resulte completa e produza os resultados apetecidos. Non é necesario decir o que para Galicia representan o bugallalismo, garciaprietismo, gasetismo, riestismo e demáis facetas da dolítica caciquil. Contra elas temos de ir agora barudamente ate estirpar do noso chán esa pranta venenosa.

Está empezada a loita e compre facel-a chegar ao fin que é a liberación de Galicia das poutas da noxenta política que padecemos para crear riba dos seus escombros unha política nosa, galega. Temos confianza en que así será pois a inqueda que hoxe respírase na nosa terra fainos concebir ledas espranzas que non serán defraudadas.

E antes de rematar estas verbas queremos expresar a nosa firme protesta contra o sucedido en Lugo que n'un país ben gobernado determinaría a destitución das autoridades, dos autores dos disparos contra o pobo e a prisión inmediata dos elementos que cō seu viaxe deron lugar a este final sanguíento e indinante como o deron tamén para que Galicia erguérase n'un xesto viril e honroso que a dinifica.



LEMBRANZA

Cómprense n'este mes os aniversarios da morte de varias figuras galegas para nós de eterna recordación.

Lamas Carvallal o poeta cego cuia obra ten de ser sempre lembrada pol-o aceso patriotismo que a inspirou e a quen a renascencia galega encetada no século pasado debe tanto.

Doce anos fai xá que a morte levounos a Luís Porteiro o varil paladín do nacionalismo actual cuia presenza tan necesaria sería hoxe que a política galega camiña por novos hourizontes.

Florencio Vaamonde fai cinco anos que desapareceu despóis d'unha vida acrisolada de fondo patriotismo

O poeta novo Amado Carballo veu truncada a súa vida fai agora tres anos, cando a súa obra comenzaba a acadar sona e gloria.

E tamén Lousada Diéguez, o mestre, o talentudo cincelador da rosa idea, fai un ano que desapareceu das ringleiras do nacionalismo galego que aínda trema de emoción lembrando a data moura da súa morte. Un ano xa, e semella aínda que foi onte cando o viamos cheo de entusiasmo ofrendándolle a Galicia unha faceta da súa capacidade creadora ao fronte da Polifónica pontevedresa.

O seu fondo patriótico obrigáballe a multiplicarse, e nas artes, na filosofía e na política, Lousada Diéguez deixou unha obra feita e uns ronseles marcados por cuíos vieiros teremos de camiñar sempre os que o sobrevivimos.

Nos momentos de suprema inquedaanza

renovadora que Galicia vive atualmente déixase sentir a falta de homes como Lousada Diéguez e Porteiro, de cuio talento, crara visión política e xurdio patriotismo recibiría Galicia innumerables beneficios.

Seipamos seguir a senda que eles nos trazaron que será a mellor ofrenda que poidamos rendir á súa memoria.

A NOSA TERRA non esquece os nomes dos bóns patrianos citados e rinde tributo á súa lembranza con istas sentidas verbas.



PRIMAVEIRA

Xa os cogollos esbrochan das roseiras
e a campía se cobre de verdor;
xa os rapaces por fragas e silveiras
buscan niños de melro e reiseñor.

Pol-os montes, por vales e riveiras
vai a vida mostrando seu verdor,
esparxendo fartura pol-as leiras
e nas casas deixando paz e amor.

Xuventude!... Galicial!... Primavera!...
Novas roitas abertas; e a bandeira
frameando da santa Redención!...

As vontades unidas n'unha soia
cô vencello da Fé, qu'é sagra xoya,
e pra todos namais un corazón!...

XOSÉ M. CABADA VÁZQUEZ

FOLLAS NOVAS

Arquivos do Seminario de Estudos galegos.—Acábase de poñer á venda o volume V dos Arquivos do Seminario de Estudos Galegos de Sant-Iago

O Seminario, a entidade galega que mais e millor laboura pol a nosa cultura facendo verdadeiros alardes de superación na obra patriótica que o inspira, recolle nos seus arquivos intresantísimos traballos de varias firmas prestixiosas, algúns dos cales son os primeiros que encol de determinadas materias fanse na Hespaña.

O volume publicado agora anque leva o número cinco é o terceiro dos publicados, pois os números tres e catro adicados ás comarcas de Lalín e Melide, están no prelo para saíren de contado.

O que agorano se ocupa leva traballos de tanta importancia e de firmas de tal calidade como indica o sumario seguinte:

«Microdeterminación directa del agua en tejidos conectivos» e «Sobre la regulación hormonal de la economía hídrica en el tejido celular subcutáneo», por J. García Blanco.

«Sobre la presencia de la magnetita y de la ilmenita en las arenas de las playas gallegas», por I. Parga Pondal e Dolores Lorenzo Salgado.

«Contribución al estudio de los minerales de Wolframio de Galicia» e «Análisis de las Scheelitas de Carbia y Villar de Cerbos» por I. Parga Pondal e J. Vázquez Ganiga.

«Reconocimiento de tejidos vegetales por reactivos microquímicos», por Luis Iglesias Iglesias.

«La Flora Gallega y el Padre Merino», por José Gómez Martínez (Zenitrán).

«Mámoas de Seviñao. A anta de Abui-me e a necrópole do Monte da Mora», por Florentino L. Cuevillas, Antonio Fraguas e María Pura Lorenzana.

«O baldaquino en Galicia denantes do arte barroco», por Xosé Filgueira Valverde e Xosé R. Fernández Oxea.

«O tímpano da capela de Dona Leonor» por Xesús Carro García.

«Blasós de Ourense», por Xenxo Lourenzo Fernández e Xohan Manuel Amor.

«Foro do Lobeira» por Xenxo Lourenzo Fernández.

«Una carta inédita del Conde de Gondomar», por Ciriaco Pérez Bustamente.

«Dos ilustres dominicos gallegos», por Fr. Aureliano Pardo.

«Notas de un preito entre os veciños de varias freguesías da xurisdición de Noia e o Arcebispe de Sant-Iago sobre o aproveitamento de unha balea botada pol-o mar, 1577», por Salvador Cabeza de León.

«Como vía a Aristóteles o Padre Feijóo», por Ricardo Carballo Calero.

Abonda o sumario para dar idea da importancia do volume. Este consta de 260 páxinas, ben editado e de precio cativo, pois véndese a 3 ptas, Cada traballo leva gran cantidade de dibuxos e fototipias.

Un libro que non debe faltar en ningunha biblioteca. Recibimos a súa aparición con ledicia verdadeira e felicitamos e apraudimos unha vegada mais ao benemérito Seminario.



ARREDOR DE SI, por Ramón Otero Pedrayo.

A pruma vizosa, xurdia, de Otero Pedrayo volta a nos entusiasmar con esta novela «Arredor

de si» que ven de se poñer á venda. Cento cincuenta páxinas de prosa maravillosa, d'esa prosa maravillosa, d'esa prosa única, que constitúe a firme personalidade literaria do gran pensador galego.

Ainda fresca a lembranza de «Os camiños da vida», Otero Pedrayo, traballador infatigable, publica esta nova novela que a crítica e o público recibiu con aprauso e agrado axeitados.

«Arredor de si» ten ademais do seu valor literario o intrínseco do asunto fondamente patriótico, d'un patriotismo tratado d'un xeito orixinal e revestido d'un amplo e moderno senso universal que lle doua categoría de primeira novela galega e seguramente das mellores publicadas na península neste tempo.

Non é esaxeración como tampouco a é asegurar que Otero Pedrayo resulta unha das primeiras figuras literarias peninsulares pesi a quen haxa que o dubide porque escribe en galego. O noso idioma que na actualidade anda a conquistar unha preta categoría universal acada co'a aportación das obras de Otero Pedrayo un firme e outo valor que se refrexa no intrínseco demostrado en diversas partes de Europa de onde piden as obras de Otero que andan a merecer xuízos críticos encomiásticos e traducións.

Otero con esta novela prestixia unha vegada mais e de xeito rotundo a nova literatura galega e afirma a súa rexa personalidade de escritor que traspasou xá os lindeiros de Galicia.

«Arredor de si» abundaría por si soia para destruír esa falsa lenda de que o noso idioma non está capacitado para outas empresas literarias.

Aparte, ademais, do intrínseco valor da novela, parécenos non debera ficar un sô galego sin lëla pois os pensamentos que encerra e a vida de Adrián Salorio, o protagonista, son ensinanzas e espello onde hai moito que aprender e imitar.

«Arredor de si» remata con estas verbas, que non podemos resistir a tentación de reproducir:

«Eiquí remata o primeiro, longo e tráxico episodio do vivir de Adrián Salorio. A súa vida dende agora identifícase co-a vida de Galicia; xá é historia. Pois a Galicia tamén comenza outra volta a ser histórica desque aprendeu os camiños pra atopar a súa conciencia e deixou de andar, como unha cega, arredor de si.»

A literatura galega que tanto debe a Otero Pedrayo adquire con el unha nova débeda co'a publicación d'esta novela e nós temos que expresar a nosa inmensa ledicia por tal feito verdadeira-

mente extraordinario en pago do que enviámoste a nosa felicitación entrañable.

E non queremos pechar estas liñas sin expresar a nosa sorpresa e protesta ante o feito inexplicable de que os editores teñan feito unha edición tan pobre e deficiente que desentona lamentablemente co'a calidade da novela e co'a personalidade do autor.



GOUSAS DE FESTAS

Así como falando da primaveira quere se representar a iniciación da vida d'outono a decrepitude, o vran representa a vida na súa amplitude, pol-a aitividade do traballo i-atividade da distraución.

N-este último senso escribense estas liñas; pois o derradeiro Agosto é o mes das festas en Galicia.

San Roque fáinos lembrar das pestes que inzaron n-algún tempo gran parte da nosa terra, i-en memoria da súa proteución ô nombralo patrón dos povos, dende entón, cada municipio e cada povo fan o necesario pra que non se deixe ningún ano de se festexal-os seus días Non embargantes, as xentes lembranse das festas cando chega a época sin ter en conta porqué se fán, e a proteución do santo glorioso esváise, porque xa pasou o tempo do seus milagres

Celebráanse nas povoacións e nas vilas con moita algaraxe, pro no orde relixioso fican pechadas n-unha novena pouco concurrida, i-unha procesión que si se fai solemne é porque se farta da asistencia d'autoridades, mais San Roque vestido de pelengrin poucas veces leva xa

as uvas naturaes—tamén a terra escúlpase coa chuva pra non llas dar a tempo—e seu cán terma da boca un cachod e madeira, pois os anacos de pán que lle levaba a seu dono fican pros arquivos da hestoria. Probe canciño nin siquera se lle dá de xantar un día ô ano: as curas da sua lingoa discútena os médicos; e dende que pol-a autoclave se estirilizan as vendas, xa non se pensa de chegar a il pra cural-as feridas.

E mais aínda qu-o día 16 fetéxase o día 15: Santa María de todo o mundo; pois ademais, si en ves de ser Ela a patrona do povo é-o San Andrés, Santa Rita ou San Lourenzo, tráise pra iste día a súa festa e cadre como cadre no mes de d'Agosto hai festexos.

Pero non cabe dúvida que nas festas pódese faguer moita labor galeguista. As nosas costumes antigas fóronse esvaíndo. Os certames de literatura galega, os coros, as parellas de bailes nósos, os gaiteiros, as danzas compostas por individuos, que de cada oficio formaban os gremios (sastres, zapateiros, labregos, mariñeiros...) fóronse substituíndo pol-as corridas de toros, tiros de pombo... etc., e hastra o baile da muiñeira ô son do gaiteiro trócase por outros bailes e outras músicas.

O único que se conserva e debía desaparecer eran os foguetes e as bombas. A pólvora, que en éso semellamos ôs mouros, leva a maor parte dos presupostos das festas en vilas e póvos.

Agora o galeguismo volve paseñamente a se notare tamén nas festas, i-eu coido que voltaremos ôs bos tempos da nosa raza, mais ain-

da nos queda mcito camiño que andar e nós non debemos descuidar ésto, debendo faguer cada ún no seu povo, ou donde s'atope, todo o que poida,

LUIS CORTIÑAS

Betanzos, Outono do 1930.

¡¡GALLEGO!!

Sígueme irmán,
â miña veira
heiche insiñar loitar.
Ergue a testa
abre o teu peito
e sempre trunfarás.
Aparta o teu ollar
d'esas pingallas
que fenden ó casón.
É pensa como min
sempre en galego,
se non non veñas non.
Agarra o teu fusil,
pilla o teu pucho
e sigue meu vagar.
Que un día chegará
qu'eiqui na Terra
a nosa estrela
cheque a brilar.

CAMILO DÍAZ.

NOVAS DA CAUSA

A Irmandade de Betanzos que como xa temos dito rexurde novamence con verdadeiro entusiasmo conta até agora cos seguintes afiliados:

Xaquín Peña Rodríguez, Luis Cortiñas Díaz, Xosé Babío Teixeira, Fernando Fiaño, Anxel Ramos Lacaba, Xavier Teixeiro Bugallo, Carlos Martínez Alvarez, Victor Montoto Arias, Manuel Roel, Xosé Vázquez, Agustín Novo Maceira, Ricardo Bonome, Xosé Veiga Roel, Manuel Becaría Loureda, Luis Couceiro Núñez, Manuel Naveira, Xulio Sánchez, Carlos Peña Rodríguez, Alvaro Rey, Constantino Fernández López.

A SUPRESION DA CENSURA

A prensa hespañola está xá libre da opresión tortuosa da previa censura.

A NOSA TERRA ten sufrido verdadeiros martirios nos sete anos noxentos en que o seu pensamento tivo que ficar sometido a aquel suplicio. Non imos falar d'eles agora, como tampouco queremos detallar incidencias verdadeiramente cómicas producidas pol-a incapacidade intelectual e incomprensión dos señores que gozaban do privilexio inin-rescindo de xuzgar os nosos escritos.

Igualmente queremos expresar d'un xeito rotundo que non temos nada que agradecer porque nos devolvan agora o que fai sete anos nos roubaron. A liberdade de pensamento era nosa. Quea nol-a mancillou meresce calificativos axeitados. Quen nol-a devolve non fai mais que cumprir cō seu deber. E quen cumpre cō seu deber non meresce honores.

Para nós a censura siñifica poudo ante outras cousas das que tamén carecemos negadas pol-as leises e pol-o réxime político en que se desenrola Galicia.

Mais non desconfiamos de poder conqueril-as porque detrás de tempos veñen tempos e a nosa fè inmorrente e a eterna razón que inspira a nosa existencia teñen máis elevado poder que os grillons circunstanciaes cōn que forzas alleas ao noso espírito encadean a nosa patriótica autuación.

Ao reanudar a relativamente libre facultade de expresión, o primeiro que nos compre é lembrar a quen nos lea que o noso pensamento, o noso credo, non somentés non mermou nos anos que non podiamos manifestal-o integramente senón que pol-as circunstancias especiaes n'ese tempo acrecentouse ate abranguer caracteres xigantescos. Somos nacionalistas e os puntos acordados na Asamblea de Lugo do ano 18 siguen sendo o noso programa básico. A autonomía integral de Galicia resume as nosas aspiracións.

Cobizamos tamén para Hespaña, pol-a relación que ten co'a vida de Galicia, un réxime político de enteira democracia e liberdade que nos faga esquecer os tempos anteriores e contemporáneos á Dictadura, xá que o mesmo n'uns que n'outros as aspiracións e as necesidades de Galicia non somentes non foron reconocidas senón que ademáis teñen sido negadas e maltratadas.

N'unha verba: seguimos onde estábamos impulsados ademáis pol-a forza conviuciente e a esperencia que adequirimos nos sete anos derradeiros.

Desaparecida a censura temos mentes de facer que o noso boletín volte a publicarse quincenalmente, con un novo formato e cō espírito de loita que non puido ter durante o período da Dictadura.

Confiamos non tardar moito en conquerir este troque que nos permitirá estar máis en contacto cōs nosos lectores e desenrolar máis intensamente a divulgación do noso ideal patriótico.

*
* *

«A cumprir as escuras vaguedades,
da costa verdecente ten chegado
o bardo das edades,
lanza e escudo dos bos e xenerosos;
o que apreixou outrora,
no ben acompasado
fungar dos rumorosos,
a profética voz alentadora.

Está con nós, ergueito á veira nosa,
e do céltigo clan mestre druída
co-a litúrxica fouce miragrosa,
a lira de ouro e ferro
e a banda en albas rosas frorecida;
e dos craros acentos sonorosos,
cantor dos altos feitos;
o que ordeou, para os afáns grioriosos,
aparellar os esforzados peitos.

¡Irmáns na Causal Os tempos son chegados!
Nestrorra de varil rexurdimento.
en cibdades, aldeas e escampados
Galicia enteira estremecida escoita
o berro nunca dado a esquecemento
con que nos chama, impregador, á loíta
o que comanda os míticos guerreiros
do pinal encantado de Froxán,
o que deixou os bélicos loureiros
a verdecer na estrofa que pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán!...

¡Os tempos son chegados! ¡Galicia canta e pregal
¡Xa madurou a espiga
na campía gallegal
Como na enxebre, céltiga cantiga
da alborada que anuncia o alto gozo
das xornadas de sega,
o novo sol, o sol ridente e mozo
está batento á porta
da casiña labrega.

¡Xa está lograda a espiga,
randeando, doirada,
as luces da alborada
na campía gallegal

E forza porse en pé! E nosa obriga
temprar as fouces, encoirar o mallo
e saír, animosos, cara á veiga,
a escomenzar o redentor traballo.

¡Tras do loitar sin trégoa
virá o repouso á sombra do carballo!

¡Irmáns, todos a unha! ¡Arrodeade a leiral
¡Qué regue a nosa terra o suor noso
e a fouce corra no tronzar certeiral
¡Escoitade o punxente
berro do vagoroso:

«Diante de vos ondea
a barda de ouro ardente...

¡Segade a vosá herdadel
¡Ay de aquél que non sea valentel
¡Segade, gallegos; con forza, segadel!»

Ramón Cabanillas

FAISCAS

Supoño que o que me sucede a
min sucederalle a todos cantos te-
ñen afición a emborronar cuartelas.
A supresión da censura mergullou-
me n'un mar de confusiós. ¿Cómo
habera que escribir dende agora?
¿Poderáse decir o que ún sinte?

Sete anos cravados de censura
son moito tempo para que no mo-
mento da súa desaparición poida
un desprenderse de contado de se-
mellante influencia.

O hábito adequirido durante este
tempo non pode destruírse inmedia-
mente. Antes ún escribía e procura-
ba decir as cousas de certa maneira
para que o lápiz roxo tivera menos
que facer.

En derradeiro termo a censura

exercía certa tutela protectora. ¿Qué ao censor parecíalle que tal cousa non debía publicarse? Pois con tachal-a, problema resolto e ún tan contento. Alonxado o perigo.

Eu non podo deixar de expresar agora, a verdade non tén mais que un camiño, o meu agradecimiento aos censores. E certo que moitas veces téñome indinado pero tamén non é menos que a súa protección débolle a evitación de algún disgusto. Sobre todo nos primeiros tempos de censura que como ún estaba acostumbrado a escribir libremente custaba traballo someterse. Despois veu o habituarse e agora naturalmente durante unha tempada ha de haber desorientación. Haberá que agardar a ver as cousas que se din e en que tono se din. Até novamente axeitarse.



Esa Lei de Xurisdición e ese Código da Dictadura son algo monstruosos que fan estremecer pensando n'eles.

¿Non sairíamos de Guatemala para entrar en Guatapeor?



Un consello aos ex-censores. Por si algún día a Diosa Fortuna vólvelles a repoñer no cargo ¿non sería ben que se prepararan debidamente? Unhas pasantías de comprensión de senso común e coñecementos políticos non lles viría mal.

Evitariáanse voltar a meter a pata tantas veces como fixéron nos sete anos noxentos.



¡Cantas cousas inocentes téñenme censurado deixando pasar outras que parecían imposibles que colaran!



Co'a supresión da censura notarán os xornaes a falla d'un asiduo colaborador.

Aquel letreiro de «Visado por la censura.»



Ben. Xa non temos censura pero aínda é pouco eso para a *pacificación de los espíritus*. Galicia necesita dar unha rexa batida ao caciquismo e está en pé barilmente disposta a resolver os seus problemas.

O goberno hespañol está no deber de encauzar debidamente o espírito de rebeldía latente na nosa terra non poñéndolle obstáculos e acomodando a súa actuación nas cousas galegas ás nosas necesidades e aspiracións.

Interésalle tanto ou mais a él que a nós.

VICTOR CASAS

Portucale

Revista ilustrada de cultura literaria científica e artística.

DIREITORES:

Augusto Martins, Claudio Basto, Pedro Vitorino

Rúa dos Mártires da Liberdade, 178 Porto

Suscríbese a "A NOSA TERRA"

O FEITO DA NAZONALIDADE

1-VIII- † Enric Prat de la Riba

Os que estudaron o probrema das nazonalidades, que tanto en de escimar todo o século derradeiro a pensadores e políticos, adicáronse mórmente a esculcal-o feito xurídico. Deslumeados pol-o centileo das xerarquias oficiais, coidarón que os pantalóns dos soldados, as togas dos xuezes, os uniformes dos Guarda Civies ou dos xendarmes, a fala en que se preitea, na que se pagan trabucos e débidas, todo o que arredaba aos estados, arredaba tamén aos homes iso é, as sociedades que viven prisio eiras dentro das suas fitas: créronse arredaba mais aos homes que o que vive nos seus costumes, nos feitos da sua vida, que a lingoaxe en que se fala decote, porque é na que fala o espírito a si mesmo.

Atragnidos e suxestionados pol-o feito xurídico, descoidáronse de esculcal-o feito social complexo, o feito vivo, que fala hoxe e falou sempre aos que acougaron a esculcalo, desdo desacubillador fenizo, cando seguia as costas do mundo antigo pra constituir faitorias mercantís, ata o positivista dos nosos tempos, que, ategaido dos metodos das cências naturais, encomenza a castificación biolóxica das sociedades humâs.

Por iso achegáronse mais â soluzón os grandes historiadores e sociólogos que non os políticos e xuristas. Aqueles, estudando a vida do arte, ou o desenrolo das crénzas, ou os outos e baixos das correntes centíficas, topáronse coa ialma dos pobos bourada no bronce dos moimentos, xurdindo pol-a côr e as figuras dos pintores bambeándose nos sóns dos mestres, inspiando catedraes e mosteiros, edifizos e pazos, latexando sobre das pranas dos grandes prosistas e poetas, entornando o vô dos ponsadores, chedando a forza dos xenios, enchendo d'un señoiro recendo hasta

as obras dos grandes fundadores de seitas e relixións, dos que constituiron as herexias e os creadores das ordes relixiosas.

Xeógrafos, historiadores, desacubilladores e sociólogos todol-os que estudiaron as sociedades do xeito que son, do xeito que viven e sinten do xeito que maxinan e traballan, e puideron relazoar e comparanzar unhas coas outras, refrexaron nas pranas das suas obras a imaxe d'aquelas asociazóns naturais, que tinxen d'unha côr señoira todo o que dentro de elas se produce, desd'a mais outa concezióñ intelectual deica a obra mais incoscente do xenio popular.

Cuando Herodor e Hecateu, por exemplo encomenzaron pol-a primeira vez á descubillar o mundo antigo, esculcaron que o traxe, os costumes, a fisonomía, a fala da cibdade A, eran as mesmas que as que desacubillaran nas cibdades B, C, D, e E, veciñas suas; ian seguindo, trocaba o poder político; aló era unha asambreia de môres, eiquí é un rei pro a fala, os costumes e a fisonomía do conxunto nou sufría troque; cruzaban un río e â outra beira sú o poder d'outros señoires, atopaban a mesma fala os mesmos costumes, detiñaos un nó de montanas, arriscábanse pol-as suas abas cruzaban a cadea, e as xentes que atopaban ali tiñan outros amos, pro seguian falando a mesma lingoa e tiñan o mesmo âr de familia. De súpeto, dimpois de pasar unha engrobria, cruzar un río ou deixar trás si un ermo, atopábanse con outra caste de construzons saian a recibilos xente d'outra fisonomía vestidos a outro xeito, que falaban unha lingoa difrente da que noutroa ouviran.

Isto esculcábano decote, recuncábase sempre e chegóunos â suxestionar de tal xeito, que fánolo ouservar nas suas obras:

dimpois de pôr o nome do Estado endexa-
mais esquenceronse de engadir a observa-
zón de que pertencía a ún ou a outro de
aqueles grandes fatos naturaes; así dimpo-
is de chamar Molibdana, engadian axiña
urbs (en grego Poiis; ou sexa Estado) Mas-
tienorum, Ibilla urbs Tartessiae, Craba-
sia, urbs Iberorum Edetes gens (ethnos)
Ibérica, Un dos mais antigos, SKylax de
Carianda encomenzou o seu Periple dos
litoraes d'Europa, Asia e Libia, decindo
que non falará mais que d'istas grandes
xuntanzas naturaes, (gentes) e así chama
os Iberos, os Ligures, dimpois os Tirre-
nos, axiña os Latins e en chegando a Iliri-
a, por exemplo, especificou mais as indi-
cazóns xeográficas, a cada unha das tribus
que denominou fixo constar que pertenci-
a ao fato iliriano.

Strabón, aínda fai mais, didiante de
certas poboazóns, discuteo e entón, indicou
con moito error o criterio do orixe d'a-
queles fatos algúns historiadores téñennos
presentados a brusians e semitas coma po-
bos difrentes; Strabón eisaminou as poba-
zóns do seu tempo e non acerta a atopalo
motivo «Hoxe di, se non pode distinguir.
O motivo é que lingunha d'istas xentes
garda hoxe a individualidade propia, pois
desapareceron as difrencias de fala arma-
dura, de vestir e outras d'ista mesma caste.

D'istes casos pódense amorear moitos;
o xeógrafo grego que se laiaba porque
os romans dividiran os países pol-os aci-
dentes xeográficos no canto de o facer pol-
as afinidades naturaes dos pobos, é outro
exemplo mais.

Istas mesmas asociacizóns d'homens, eis-
pontaneas, que os xeógrafos describen, os
historiadores háchanos facendo d'aitores
do drama da historia. O primeiro de todos
o mais antigo escomenza decindo que
contou os caracteres dos gregos, e latexa
tanto entr'eles a idea da solaridade que
do roubo de lo filla do rei Inacos d'Argos
por úns marchantes fenizos que non fan
responsable ao Estado que pertencían,
fose Tir fosse Sidón senón á Feniza e do
deber o de vingrar a todol-os gregos; o mes-
mo pódese decir do rapto d'Europa irmá
de Cadmo feito pol-os cretenses, e do de
Meda, filla do rei Colchos.

Por baixo das variantes dos feitos polí-
ticos de cada un d'istes fatos, descubriron
a unidade de todo un sistema, a fita de
xuntanza d'un sentimento común; e os
que, no canto de estudal-a historia políti-
ca, fan a historia da ciencia, do arte, do
dereito, das costumes, dos idiomas escul-
can no conxunto de obras artístecas, cen-
tíficas e xurídicas de cada unha d'istas
xuntanzas sociaes algunha cousa de co-
mún que as axunta en diversidade de es-
colas e tradizóns. Hastra os historiadores
de seitas e herexias donominaron cõ no-
me de filetismo o fenómeno señoiro de
nacer ese circuscibir, moitas de elas, a
maoria no cérculo d'unha d'istas perseali-
dades coleitivas.

Os sociólogos, vironos tamén e esculcá-
ronos; pro do xeito que os xeógrafos fixá-
ronse na fisonomía exterior e os historia-
dores nos feitos da sua vida, os sociólogos
desacocharonos querendo esbigoal-a esen-
cia señoira do vínculo social do feito da
sociedade.

O feito pol os sociólogos e isto; O home
nasce, medra, axeitase e vive dentro d'un-
ha sociedade; veu ao mundo c'un corpo
determinado no cal seus pais inxerironlle
os xérmolos de predispozóns fisiolóxicas
e moraes, así como un rescoldo de toda a
sua vida pasada, infruída e determinada
pol-as condizóns do medio social en que se
desenrolou.

O seu espírito espértase á vida da inte-
lixencia cõs acentos d'unha fala determi-
ñada, que lle dá, feitas e rematadas, as ide-
ias e todo un sistema infraxente de víncu-
los inteleituas; faise dono do seu enten-
dimento de neno e axeitao e amolda a
voantade

Vai medrando e enriquecendose coas
ideias e enseños que lle dan os seus pais,
parentes, amizades e mestres: ideas e en-
seños que son parte do patrimonio social,
da cultura da sociedade de que as aderen-
deu ou atopou.

A sua voantade, o seu, carante, edúcase
e forma cõs exemplos dos que co-il viven;
mantense do rigor ou da endeblesza, da
franqueza ou da hipocresía, da enerxía ou
da franqueza, do heroísmo ou da baixeza
que ve frolecer ao seu arredor.

A espontaneidade do seu obrar entopeza cō freio dos seus costumes, prácticas e tradizóns, que lle imponen un feixe de obrigas e privalle de facer unha morea de cousas.

A sociedade formouno e il prosegue a sua vida, todo iso obra da sociedade, constitue na ialma dos homes un anaco da ialma social, seu esprito señoiro fica orgaicamente bourando pra sempre coa ialma coletiva e sempre mais acarón da vida propia da individualidade, vivirá como os pólipos do coral a vida completa e rica da comunidade.

A sociedade que da aos homes todos ises elementos da cultura, que os lía e forma de todos unha xuntanza superior, un ser colectivo informado pol-o mesmo esprito, ésta sociedade natural e a NAZONALIDADE.

Resultado de todo iso é que a nazonalidade é unha xuntanza de cultura ou de civilidade; todo-os elementos d'ista especie; o arte, a ciencia, os costumes, o dereito teñen as suas raizes na nazonalidade. Inda hai mais, iste feito esprica moitos dos enganos e dá a razón de moitas anomalias: o conxunto de determinazóns da vountade

colectiva que forman a computa política, isto é, á vida do Estado, son xenos que saen do mesmo tronco. Cando se constitueu a monarquía hespañola se a actividade política fose un produto do Estado, os gobernantes do novo estado terian desenrolado unha política nova: ao Estado hespañol correspondiatle unga política hespañola. Pro os feitos foron moi distintos, Os gobernantes seguiron, abertamente, sômentes a política d'unha das nazonalidades xuntadas; e é que no fondo, encaratoñada cō nome de hespañol, gobernou como sigue gobernando, Hespaña o Estado castelán, aquel Estado que cō nome de hespañol impuxonos o dereito de Castela e que cō nome de hespañola a fala castelá. Do mesmo xeito pasou ao se constituir a monarquía francesa, o mesmo ao se formal-o imperio ruso o mesmo ao se xuntare sú a croa da Anstria a Hungría e a Bohemia.

Por iso cando a unha nazonalidade espartaselle a concencia de que a é, traballa arreo pra producir un Estado eispresión da sua vountade política, istrumento de realizazón da súa propia política.

(Proseguirá)

LIÑAS DE LOITO

Un querido irmán máis que se foi, Xosé Iglesias Roura. Foi un dos fundadores máis entusiastas das Irmandades da Fala, e, dende entón, traballou sin acougo pol-a causa da Terra. Home cultísimo, houbo de traducir de diversos idiomas europeos moitos poemas, deixando tamén inéditos varios versos, que a sua modestía impidiu conocer.

No cimiterio de Mera ficu o corpo d'aquel home, máis o esprito está connosco, marcándonos c'o exemplo dos bos e xenerosos.

Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito	Ptas.	17.000.000
Id. desembolsado	"	11.000.000
Fondo de Reserva	"	4.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro, Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxía, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Pontearreas e Chantada.

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTAS CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

ZINCKE HERMANOS

LIBRERIA PAPELERÍA
IMPRESA

Cantón Grande, 21 - Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE

BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.

SANTA LUCÍA, 26 E 28

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

AGUAS DE
MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador



Véndese en todas las
Boticas, Droguerías,
Hotels,

Depósitos d'augas
mineraes,

Restaurants e
vagos camas de
tódolos tres.

As mais indicadas en casos de artritismo,
desnutrición, diabetes, obesidades diversas,
doenzas do aparello dixestivo, anemia e
neurastenia.

Riquísima auga de mesa gaseada naturalmente.

Mondariz-Balneario

a 35 kilómetros de Vigo.